



Concello de Ribeira de Piquín

BANDO

AXUDAS PARA A RENOVACIÓN DE ELECTRODOMÉSTICOS

O martes día 17 de xaneiro saíu publicada no DOG a resolución do Instituto Enerxético de Galicia sobre as axudas para a renovación de electrodomésticos.

ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES E CONTÍA DA AXUDA

Na seguinte táboa establécese a axuda máxima por electrodoméstico en función da súa tipoloxía:

Electrodomésticos subvencionables	Axuda máxima (€/electrodoméstico)		
	Consumidor xeral	Consumidor vulnerable	Consumidor vulnerable severo
Frigorífico e frigorífico-conxelador con clasificación enerxética A, B, C ou D	150	300	450
Conxelador con clasificación enerxética A, B, C ou D	150	300	450
Lavadora A, B ou C	100	200	300
Lavalouza A, B ou C	100	200	300
Placa de indución total (soamente tecnoloxía de indución)	100	200	300

A cantidade da subvención non poderá ser superior ao 25 % do prezo do electrodoméstico para un consumidor xeral, do 50 % para consumidores vulnerables e do 75 % para consumidores vulnerables severos.

PRAZO DE SOLICITUDES:

O prazo de presentación de solicitudes de axuda comezará o **18 de xaneiro de 2023 e rematará o 30 de xuño de 2023 ou cando se esgoten os fondos**. As solicitudes de axudas serán presentadas directamente por aquelas entidades ou empresas que se adhiran a esta convocatoria de axudas (entidades colaboradoras). Na páxina web do Inega (www.inega.gal) estará dispoñible unha listaxe de entidades colaboradoras adheridas a esta convocatoria de axudas.

O prazo de presentación de solicitudes de adhesión das entidades colaboradoras comezará o día seguinte ao da publicación no DOG da resolución e rematará o 30 de xuño de 2022.

Para calquera información contactar coa Técnica de Emprego no Concello de Ribeira de Piquín, que estará á súa disposición de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas.

Ribeira de Piquín, 17 de xaneiro de 2023.

O Alcalde.
Asdo.- Roberto Fernández Rico

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

